

NARRATIVA

A gabeta pechada da familia

Riveiro Coello crea maxistralmente as personaxes d'*A esfínxe de amaranto*Título: *A esfínxe de amaranto*.

Autor: Antón Riveiro Coello.


Editor: Galaxia.

Baixo o agocho dunha árbore xenealóxica perdida no esquecemento, os segredos máis escuros, inconfesábeis e impactantes dunha familia pairan ao ar sen máis interese por eles que o que de súpeto vén mostrar Verónica, unha xornalista que comeza a indagar, como calquera persoa minimamente curiosa, na maneira de vivir duns antepasados marcados por un descoñecemento sobre as súas figuras que a desconcertan e animan a ir adiante coa súa premisa.

É un grandísimo logro a ambientación que Antón Riveiro Coello logra inserir ao longo da novela.

As ganas de saber, por un lado, e as ganas de contar, de desfacerse dun pasado doente da súa avoa Rosa, son os eixos vertebradores da trama desta estirpe con orixes ben exóticas e aventuras (Macau e o Couto Mixto).

Os capítulos da novela estrutúranse de xeito alternativo entre aqueles nos que o punto de vista



Antón Riveiro Coello.

do narrador parte da Verónica e aqueles outros nos que a protagonista absoluta é a vella avoa Rosa. Estes capítulos ensaríllanse de forma que Rosa está ennobelada cismando sobre a súa propia vida. Da súa relación fermosísimamente accidentada nun principio co avó Nicolás (concesión na novela ao romantismo máis decimonónico), das disputas entre ela e os seus pais —ditatorial el, mixiriqueira ela— dándose rédea solta ao monólogo interior da señora que se converten en parte das mellores pasaxes da novela, ou da aínda recente lembranza da enfermidade do seu home, dá conta a vella Rosa nas súas constantes aparicións. E toda esta información dánola facendo tem-

po, ralentizando o tempo da novela até chegar á ansiada cea que o lector ha esperar con verdadeira expectación, pois será o momento das confesións, pola súa parte, e que dará a luz segredos que a corroeron por dentro toda a súa vida e que por fin poderá liberar. As súas reflexións para co seu home ausente son unha preparación do que virá despois.

Verónica, personaxe caracterizado con moita simpatía por parte do autor, aínda que dun xeito un pouco ambiguo, é protagonista da outra xeira de capítulos —sen prexuízo, este protagonismo de cada unha delas, para que se entrecrucen estes dous personaxes no decorrer das dúas tramas paralelas e intimamente conectadas— e está á

busca obsesiva de máis información sobre a súa familia para acabar de desentrañar o misterio da súa familia. Estas dúas historias paralelas están expostas ao unísono, pero son situadas en tempos diferentes que ao final da novela, ao rematar de amalloar cabos o lector, poderá gozar da súa confluencia descubriendo a relación causa-consecuencia que as vai facer xustapoiñérense maxistralmente nun alarde técnico e formal por parte do autor que nos demostra o excelente control do tempo á hora de desenvolver unha novela e a capacidade para resolver tramas cun grao de complexidade importante.

Gustárame destacar dúas cousas da novela. Os personaxes protagonistas son creados con exquisito coidado nos seus trazos psicolóxicos, aínda que os personaxes secundarios son tamén escrupulosamente tratados. Reitero a miña especial querencia polo personaxe de Rosa e uns monólogos interiores que nola fan, nuns casos, compadecer e, noutros, admirar. Tamén é un grandísimo logro a ambientación que Antón Riveiro Coello logra inserir ao longo da novela. Para marcar e retardar os tempos, tal e como se fai na *Esfínxe de amaranto*, hai que ter moitos recursos e facer gala deles de maneira que a

pesar de adiar o que dende o principio da novela se espera, non se caia no absurdo máis absoluto. Hai momentos nos que a narrativa de Riveiro Coello chega a uns graos de lirismo francamente entrañábeis e, se cadra, para min, este, é o maior logro da obra.

O único “pero” que lle poría á novela é o feito de que as cartas do avó Nicolás sexan tan requintadas tendo en conta que no momento de el escribirlas sufría un estado na súa enfermidade de Alzheimer que xa o impedía mesmo lembrar moitísimas palabras que o facían ter problemas de comunicación. Está claro que non é críbel, por moito que o receptor-narrador se empeñe en facerse o sorprendido pola calidade estilística da dita carta, tendo en conta a enfermidade de Nicolás. O que acontece é que o autor era consciente desta eiva cando escribiu esta parte da novela e viuse obrigado a intentar xustificar da mellor maneira posíbel este feito polo simple feito de que a carta e o seu contido son fundamentais para o desenlace da súa historia.

Quitando esta incoherencia consciente a novela é redondíña. Das que gustas ler. Unha moi boa novela que merece todas as beizóns literarias. ♦

HÉITOR MERA